

RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2014.

- 1º.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
- Acta da sesión do 02 de outubro de 2014

2º.- **URBANISMO.**

2.1.- Expediente IN407A 2014/153-4 - Ampliación de potencia C.T. Chapa-Eira Brey

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda** dar conformidade o informe técnico transcrito anteriormente e dar traslado deste acordo a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria - Delegación Territorial de Pontevedra.

2.2.- Dº M.C.M.I en representación de C.D., S.L. Licencia definitiva de actividade para legalización dun local adicado a oficinas, a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 10 baixo (Silleda).

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 22 de outubro de 2014 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 07 de novembro de 2008 **acorda**:

Primeiro.- A **concesión de licencia de actividade definitiva** a **C.D., S.L.**, para legalización dun local adicado a oficinas, a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 10 baixo (Silleda).

3º.- **ALEGACION ORZAMENTOS 2014. Secretaria Comarcal de CIG**

Se **acorda**:

- **Decretar** a inadmisibilidade da Reclamación contra os Orzamentos do 2014 formulada pola Secretaria Comarcal de CIG, ao non poder ser incluída nos 3 supostos previstos na Lei, elevando os mesmos a definitivos.

4º.- **RECOÑECIMENTO DE GASTOS.**

4.1.- **M.R.R. e E.D.U. SL.**

Se **acorda**,

- RECOÑECER a M.R.R. e E.D.U. SL., o abono de 152,06 € e 260,50 € en concepto do IBI do 2014, de acordo co Convenio subscrito entre as partes para a cesión do uso dun solar para uso público.

5º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.

5.1.- Solicitud de devolución de aval de Dº J.F.G., en representación de **C.S.C. S.L.**, correspondente á obra "Humanización e Mellora da Seguridade Vial no Concelo de Silleda".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda a devolución do mencionado aval.

5.2.- Solicitud de devolución de aval de Dº L.O.R., en representación de **O.Y.G. DE P. S.L.**, correspondente á Fianza provisional depositada para participar na licitación do contrato de "Explotación e Mentemento da EDAR", sen que exista reparo algún por parte do Concello ao quedar sen adxudicar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda a devolución do mencionado aval.

6º.- LICENZA DE APERTURA. DIVISIÓN. SOLICITUDE DE J.P.C. DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBDIVISION DA LICENZA EXISTENTE PARA A ACTIVIDADE DE "XESTORIA ADMINISTRATIVA E CENTRO DE FORMACION" EN DUAS LICENZAS PARA CADA UNHA DAS ACTIVIDADES.

Se acorda,

- Conceder a autorización administrativa interesada por J.P.C., DNI nº -----, en representación da entidade P. 7, SL para a subdivisión da vixente licenza de apertura da actividade de "Xestoría administrativa e Centro de Formación" concedida a mencionada empresa en data 28-06-2013, nº expdte. 3523/11, quedando a referida licenza do xeito seguinte:
- Licenza da actividade de "Xestoría administrativa", a nome de P. 7 SL., CIF -----
- Licenza da actividade de "Centro de Formación", a nome da sociedade E.E. S.L., CIF Nº -----B94056751



7º.- EXPEDIENTE de RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. Mª J.G.R.. Caída na Rúa Trasdeza en data 3 de Novembro de 2013.

Por unanimidade, SE ACORDA:

- **DESESTIMAR** a reclamación de Mª J.G.R., de data 1 Outubro de 2014, por responsabilidade patrimonial baseada nunha caída na Rúa Trasdeza o día 3 de Novembro de 2013.
- Dar traslado a Aseguradora da responsabilidade civil municipal MAPFRE, aos efectos legais oportunos.

8º.- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARIA DEBEDA DA FUNDACION SEMANA VERDE CO CONCELLO DE SILLEDA A 31-12-2013 E DO CONCELLO COA FUNDACION. (Proposta de liquidación e compensación de débedas)

A Xunta de Goberno Local asume os termos do informe en canto a cuantificación e sempre pendente de que poida pechase este asunto cun Convenio coa Fundación antes de que remate o ano 2014.

9º.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE SANTA MARÍA DE CORTEGADA.


A Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto redactado polo Arquitecto A.C.N., en data xuño de 2014 denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Santa María de Cortegada" cun orzamento total de contrata de 26.565,86 €.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 21.955,26 € máis IVE denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Santa María de Cortegada"

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 26.565,86 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 20140.461, do estado de gastos do Orzamento Municipal.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.



QUINTO.- Solicitar ofertas

SEXTO.- Nomear como director das obras ó Arquitecto redactor do proxecto, A.C.N.

10º.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA.

A Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda :

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto redactado polo Arquitecto A.C.N., en data xuño de 2014 denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova" cun orzamento total de contrata de 110.499,64 €.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 91.322,02 € máis IVE denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova".

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 110.499,64 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 20140.461, do estado de gastos do Orzamento Municipal.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

QUINTO.- Solicitar ofertas.

SEXTO.- Nomear como director das obras ó Arquitecto redactor do proxecto, A.C.N.

11º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.


Polo Sr. Alcalde dase conta da Resolución da Alcaldía de data 16 de outubro de 2014, en relación a adxudicación do Seguro de Responsabilidade Civil do Concello que transcríbese a continuación.:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

...../.....

Esta Alcaldía Presidente, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente

RESOLVE:



PRIMEIRO: Adxudicar a MAPFRE o Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, por un total de prima plurianual de 7.150,00 €, segundo as condicións reflexadas na súa oferta con Rexistro de Entrada no Concello nº 4224, de data 30 de setembro de 2014, por ser a mais ventaxosa para o Concello.

SEGUNDO: Elevar este acordo a Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que celebre, para súa ratificación.

.../...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a resolución da Alcaldía, de data 16 de outubro de 2014 transcrita anteriormente.

12º.- PROGRAMA DE LIMPEZA DE VÍAS, OBRAS, CONSERVACIÓN DE PARQUES, LIMPEZA DE EDIFICIOS PÚBLICOS E AFORRO ENERXÉTICO 2014-15.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2014, en relación ó Programa de limpeza de vías, obras, conservación de parques, limpeza de edificios públicos e aforro enerxético 2014-2015 que transcríbese a continuación:

“ .../...

Esta Alcaldía propón ao Goberno Local que de adopte o seguinte Acordo:

1.- Acollerse a este Programa de Colaboración Social regulado no R.D. 1445/1982 da Consellería de Traballo.

2.- Aprobar a Memoria Xustificativa do programa denominado: PROGRAMA DE LIMPEZA DE VÍAS, OBRAS, CONSERVACIÓN DE PARQUES, LIMPEZA DE EDIFICIOS PÚBLICOS E AFORRO ENERXÉTICO 2014-15 elaborado para a integrar a 17 persoas desempregadas durante 6 meses .

3.- Iniciar a Tramitación da Solicitud

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía

13º.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE GUÍA TURÍSTICO PARA O MOSTEIRO DE CARBOEIRO.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2014, en relación a solicitude de prórroga do Guía Turístico do Mosteiro de Carboeiro que transcríbese a continuación:



“.../...

Esta Alcaldía, RESOL VE

1.- Trasladar á Fundación Empresa Universidade Galega, FEUGA, unha solicitude de prórroga da actual Guía como beneficiario do PBFP, para continuar realizando as prácticas formativas a tempo completo neste concello polo período máximo permitido de outros seis meses máis, para seguir desenvolvendo e ampliando os obxectivos marcados ..

2. - Aprobar unha cantidade de 3.631,32 € para cubrir os custos da Bolsa súa integridade, beca, seguro de accidentes e S.Social, a razón de 605,22 € mes, para un período de 6 meses.

3.- Darlle conta á Intervención do acordo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía

14º.- CREACIÓN DUN FICHEIRO PÚBLICO E POSTERIOR INSCRIPCIÓN NO REXISTRO XERAL DA AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 23 de outubro de 2014, en relación a creación dun ficheiro público e posterior inscrición no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos que transcríbese a continuación:

“.../...

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local que de adopte o seguinte Acordo:

1.- Aprobar a Creación do Ficheiro Público mediante Acordo da Xunta de Gobemo Local.

2.-Publicar o texto normativo no Boletín Oficial da Provincia.

3- Proceder á inscrición do ficheiro público no Rexistro Xeral da Agencia Española de Protección de Datos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

15º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

15.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por M.C.G.E.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF

na modalidade de dependencia de **M.C.G.E.** nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 14 de outubro de 2014.

15.2.- Expediente de comunicación de incremento de intensidade horaria no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por E.F.L.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** o incremento de intensidade horaria no SAF na modalidade de dependencia de **E.F.L.** nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 15 de outubro de 2014.

16º.- AUTORIZACION PARA A CELEBRACIÓN DUN FESTIVAL MUSICAL NO RECINTO FEIRAL DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA EN SILLED.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda**:

Autorizar a celebración da actividade lúdica "Boom 7 - Festival Contra el Cáncer" o vindeiro día 08 de novembro de 2014 en horario de 19:00 h. a 7:00 h. e cun aforo máximo de 10.916 asistentes.